

**DL**  


---



**OS DEREITOS  
LINGÜÍSTICOS  
NA UNIVERSIDADE  
DA CORUÑA**

---

**TODAS**



**NON LLE PREGUNTO AO HOME  
CAL É O VALOR DAS SUAS LEIS,  
SENÓN CAL É O SEU PODER CREADOR**

**ANTOINE DE SAINT-EXUPÉRY**

**AS PERSOAS QUE CONSTITUÍMOS A COMUNIDADE UNIVERSITARIA NA UDC CONTAMOS CUNHA SERIE DE DEREITOS LINGÜÍSTICOS QUE APARECEN RECOLLIDOS EN DIFERENTES REGULAMENTOS, MAIS QUE A MIÚDO NON COÑECEMOS E, POR TANTO, NON PODEMOS FACER VALER. AQUÍ TEMOS INFORMACIÓN ÚTIL PARA EXERCERMOS ESTES DEREITOS E TAMÉN CUMPRIRMOS COAS NOSAS OBRIGAS, POIS NON DEBEMOS ESQUECER QUE A PLURALIDADE LINGÜÍSTICA E A DIVERSIDADE CULTURAL SON VALORES FUNDAMENTAIS DAS SOCIEDADES MODERNAS. NESTA LIÑA, XA NA DECLARACIÓN UNIVERSAL DOS DEREITOS HUMANOS, QUE A ASEMBLEA XERAL DAS NACIÓNS UNIDAS APROBOU EN 1948, SE ESTABECE QUE NINGUNHA PERSOA PODE SER DISCRIMINADA POR RAZÓNS LINGÜÍSTICAS, DE TAL MANEIRA QUE O USO DO IDIOMA PROPIO É CONSIDERADO UN DEREITO FUNDAMENTAL.**

• No ámbito europeo, o documento máis importante é a Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias, aprobada polo Consello de Europa no ano 1992, en que se recolle que “a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias nos diferentes países e rexións de Europa representan unha contribución importante á construción dunha Europa fundada nos principios da democracia e da diversidade cultural”. Esta cuestión non pode ser obviada polas universidades, cuxo papel na construción dun espazo europeo común debe ir acompañado do fomento dos valores lingüísticos e culturais específicos de cada unha.

• Catro anos despois, en 1996, diversas institucións e organizacións non-gobernamentais de todo o mundo asinaron en Barcelona a Declaración universal de dereitos lingüísticos. O texto, inspirado nos principios da convivencia e a solidariedade, constitúe un amplo catálogo de dereitos e considera inseparables e interdependentes a súa dimensión colectiva e individual. As linguas créanse colectivamente no seo dunha comunidade e a cidadanía fai un uso individual delas. Así mesmo, esta declaración fai fincapé nos dereitos das comunidades lingüísticas asentadas historicamente nun territorio e incide na importancia que teñen os poderes públicos á hora de corrixiren e lles procuraren solucións a aqueles casos en que os dereitos lingüísticos non estiveren garantidos.

Pódese consultar o texto íntegro en:

[http://www.udc.es/snl/documentospdf/Declaracion\\_dereitos.pdf](http://www.udc.es/snl/documentospdf/Declaracion_dereitos.pdf)

• A nivel do Estado español, a Constitución de 1978 establece no artigo 3 que o castelán é a lingua oficial do Estado (3.1), mais tamén reconece que o resto das linguas faladas en España son oficiais nas comunidades autónomas en que se usaren de acordo cos seus estatutos de autonomía (3.2).

Tal é así que o Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado no ano 1981, indica no artigo 5 que o galego é a lingua propia da nosa comunidade (5.1), onde é oficial xunto co castelán (5.2). Así mesmo, dispón que os poderes públicos de Galicia deberán potenciar o uso do galego en todos os ámbitos sociais (5.3).

En 1983 o Parlamento galego aprobou a Lei de normalización lingüística, coa finalidade de favorecer e espallar o emprego do galego. No artigo 12 sinala que o galego é a lingua oficial do ensino en todos os seus niveis. Canto ao ensino universitario, garante o dereito de uso de calquera das linguas oficiais (15.1), así como tamén acrecenta que as universidades deben tomar as medidas oportunas para a normalización do uso do galego (15.2).

Pola súa banda, a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aprobada en 1992, reconece o dereito dos cidadáns e das cidadás a empregaren calquera das linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma e a escollerem a lingua dos procedementos neste mesmo ámbito autonómico.

Xa en 2004 foi aprobado no Parlamento galego e por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega, en que se recollen máis de catrocentas medidas concretas para favorecer o uso do galego nos distintos ámbitos da sociedade e garantir que calquera persoa poida vivir plenamente en galego.

Finalmente, o Estatuto básico do empregado público, aprobado en 2007, garante a atención á cidadanía na lingua en que o solicitar sempre que for oficial nese territorio onde se encontre.

- No ámbito da Universidade, os Estatutos da UDC, de 2004, establecen no artigo 5 que a súa lingua propia é o galego e, alén diso, que se fomentará o seu uso en todas as actividades (5.2).

Así mesmo, no Regulamento de usos da lingua galega, aprobado tamén en 2004, alén de se estableceren os usos lingüísticos internos e externos da institución, a UDC asume a responsabilidade de contribuír á normalización da lingua galega (7.1) e de pór á disposición dos membros da comunidade universitaria medios de formación e de asesoramento en galego (9.2).

En 2006 o Consello de Goberno aprobou o Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña, co cal esta se ratificou no seu compromiso coa promoción do uso do galego como lingua propia da entidade e onde tamén se deseñan medidas concretas para o impulsar no seo da comunidade universitaria.

Por último, o Estatuto do estudantado que o Claustro Universitario aprobou en 2007 estipula o dereito dos e das estudantes a usaren o galego en todos os niveis e en todas as relacións coa UDC.

A lexislación vixente e mais o compromiso por parte da UDC de facer da lingua galega o seu vehículo normal de expresión, garanten que tanto no ámbito da administración como no da docencia todos e cada un dos membros da comunidade universitaria teñamos o dereito a empregarmos a nosa lingua.

#### **O persoal de administración e servizos (PAS) ten dereito a:**

- facer da lingua galega a súa lingua de traballo tanto nos usos orais como nos escritos
- recibir a formación lingüística necesaria e especializada
- dispor do material e do asesoramento que reverta nunha mellor calidade do servizo prestado

#### **O estudantado ten dereito a:**

- empregar a lingua galega en todas as súas relacións coa UDC
- presentar traballos, realizar exames ou facer prácticas en lingua galega
- dirixirse ao profesorado, tanto de formal oral como escrita, en lingua galega

#### **O persoal docente e investigador (PDI) ten dereito a:**

- impartir as súas aulas en lingua galega
- realizar a súa actividade investigadora en lingua galega
- recibir o asesoramento lingüístico e terminolóxico que precisar

## **Constitución española**

### **Art. 3**

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.

## **Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común**

### **Art. 35. Dereitos dos cidadáns**

Os cidadáns, nas súas relacións coas administracións públicas, teñen os seguintes dereitos:

(...)

d) A utilizaren as linguas oficiais no territorio da súa comunidade autónoma, de acordo co previsto nesta lei e no resto do ordenamento xurídico.

### **Art. 36. Lingua dos procedementos**

1. A lingua dos procedementos tramitados pola Administración xeral do Estado será o castelán. Non obstante o anterior, os interesados que se dirixan aos órganos da Administración xeral do Estado con sede no territorio dunha comunidade autónoma poderán utilizar tamén a lingua que sexa cooficial nela.

Neste caso, o procedemento tramitarase na lingua elixida polo interesado. Se concorreren varios interesados no procedemento e existir discrepancia canto á lingua, o procedemento tramitarase en castelán, aínda que os documentos ou testemuños que requiran os interesados se expedirán na lingua elixida por eles.

## **Estatuto básico do empregado público**

### **Art. 54. Principios de conduta**

11. Garantirán a atención ao cidadán na lingua en que o solicitar, sempre que sexa oficial no territorio.

## **Estatuto de autonomía**

### **Art. 5**

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

## **Lei 3/1983, de normalización lingüística**

### **Art. 4**

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma.

### **Art. 6**

1. Os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

2. As actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que for a lingua oficial empregada.

### **Art. 12**

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en todos os niveis educativos.

### **Art. 15**

1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregaren, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.

2. O Goberno galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para faceren normal o uso do galego no ensino universitario.

## **Estatutos da UDC**

### **Art. 5**

1. Na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

2. A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades.

## **Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña**

2.4. Os centros e departamentos da Universidade da Coruña, da mesma maneira que as dependencias administrativas e de servizos, terán como lingua de uso o galego.

7.1. Os órganos de goberno da universidade tomarán as medidas necesarias para que en cada unidade administrativa ou de servizos, o persoal que estiver relacionado co público, tanto oralmente como por escrito, teña os coñecementos de galego necesarios para garantir o dereito dos membros da comunidade universitaria a escolleren a lingua de relación coa administración.

9.2. A Universidade da Coruña comprométese a poñer á disposición do estudantado, persoal docente e de administración e servizos, especialmente daquelas persoas procedentes de fóra do dominio lingüístico galego, medios de formación e de asesoramento na lingua galega.

## **Estatuto do estudantado**

### **CAPÍTULO VII**

#### **DEREITO Á UTILIZACIÓN DAS LINGUAS OFICIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

##### **Artigo 22.** Do dereito dos estudantes a utilizaren as linguas oficiais

Segundo o establecido no artigo 5.1 dos Estatutos, na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia.

##### **Artigo 23.** Do dereito ao uso do galego en todos os niveis e en todas as relacións coa Universidade

1. Os estudantes teñen dereito a utilizar o galego en todos os niveis e en todas as relacións coa Universidade, sexa para a tramitación de peticións, reclamacións e queixas, sexa na realización de exames, traballos e prácticas.

2. Os estudantes terán o dereito a que a Universidade se dirixa, en todos os niveis e relacións, en galego, así como á recepción da actividade docente, sen prexuízo dos dereitos de terceiros.

**AGORA QUE COÑECES OS TEUS  
DEREITOS LINGÜÍSTICOS,  
FAINOS VALER**



Servizo de Normalización Lingüística  
**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

r/ Maestranza, 9, 15001 A Coruña  
[www.udc.es/snl](http://www.udc.es/snl)